

**@ NEN@ XORD@ NO MUNDO D@S OÍNTES (na procura de)CAMIÑOS DE
SABER NUN NEBOEIRO DE SUSURROS**

"Ils ne savaient pas que c'était impossible, alors ils l'ont fait"

Marc Twain.

INTRODUCCIÓN

A integración dun nen@ xord@/deficiente auditivo (1) na escolaridade/ensinanza ordinaria e, polo tanto nunha estrutura de ensinanza normalizada parecería un proxecto grotesco, contradictorio co recoñecemento da "diferencia", da "especificidade" do desenvolvemento psicolóxico dun nen@ xord@. No entanto, non é así. Esta integración inscríbese nun traballo permanente arredor do paradoxo de "ser diferente sendo coma os outros".

O neno que sofre un déficit auditivo desenvolve competencias que lle permitirán ao longo da súa vida compensar en gran medida este déficit. Desenvolve capacidades visuais (memoria, precisión, amplitude do campo visual) que lle permiten adquirir unha lectura labial fundamental para establecer un diálogo oral e unha comprensión das situacións conversacionais. Desenvolve una "suppléance" mental que lle permitirá volver coherente unha mensaxe percibida de maneira incompleta e imprecisa integrándoa no seu contorno. O nen@ xord@ aplica estratexias que lle son propias para desenvolver a linguaxe oral. Iso non impide que, en efecto, sufrira dun retraso no desenvolvemento da linguaxe (2) con repercusións importantes na integración social : vida familiar,barrio e escola.

A pedagogía e as esixencias escolares céntranse, apóianse, nun dominio progresivo e intenso da lígua oral e escrita. A integración de alumnado con xordeira na escolaridade ordinaria é un reto permanente que, por un lado favorece o desenvolvemento da linguaxe oral- escrita, pero por outro supón un

esfuerzo constante para ese alumnado, con esixencias que nalgúnhas ocasións porán en perigo a integración mesma e, o que é máis grave, o seu benestar psicolóxico. A longa aventura da integración non sería posible sen a vontade, paciencia, curiosidade e coraxe deses nen@s, artifices incesantes de camiños de saber nun neboeiro de susurros.

O PROXECTO DE INTEGRACION (DESDE A ESCOLA MATERNAL ATA O BACHARELATO)

Creando soños, un grupo de pais e nais decidiron, hai máis de vinte anos, crear unha estrutura que posibilitara a integración individual d@s nen@s xord@s. O soño era e é lexítimo : "Que @ meu fill@ poida quedar na escola do barrio, vila... e non alonxalo da familia, pais, irmáns amig@s; que a miña filla@ poida chegar a falar para ter as mesmas oportunidades e non quedar marxinada nesta sociedade: canto máis estea "mergullad@" nun contorno de linguaxe máis fácil será..." Pero a sensatez dicíalles que este soño esixía prudencia, respecto, e consideración se non querían poñer en perigo a saúde mental d@ pequen@.

Así foi como un colectivo de pais e nais da rexión de Languedoc Rousillon (3) creou entón a ARIEDA (Association Regionale d'Intégration des Enfants Déficiants Auditifs), co obxectivo de favorecer a integración escolar e social do nen@ xord@ no contorno dos oíntes. Non se trata de negar a discapacidade, senón de dar axudas específicas para que es@ nen@ poida ser un cidadan@ con todos o dereitos, conservando a súa diferenza ou especificidade. (4)

Os pais son os actores e "garantes" fundamentais do proxecto. Intégranse nun equipo pluridisciplinar constituído por un educador/a, un/unha logopeda, e un/unha psicólog@ coordinador/a (5). O ORL forma parte do equipo aínda que non asiste a todas as reunións. Un/unha psicomotricista pode engadirse cando o caso o require.

Para cada nen@ realízase un proxecto de integración individual, que se adapte en cada momento á súa evolución . Cando o proxecto mostra os seus límites e o benestar do neno se ve comprometido, propónselle á familia unha orientación cara a outro contexto (aula de xordos , centro especializado, etc.). Como media, cada educador/a intervén 3 veces por semana en sesións de 1 hora na escola. Ás veces dentro da aula (sobre todo con nen@s de 4 a 6 anos) e a maioría das veces fóra dela. @ logopeda intervén unha vez no colexio e dúas no seu despacho privado. Ás veces hai intervencións no domicilio familiar.

Unha idea clave no traballo de integración é que a linguaxe, nun nen@ xord@, SÓ POIDA DESENVOLVERSE cunha forte motivación, un desexo fondo de COMUNICAR. En consecuencia, todas as aprendizaxes da lingua teñen que ir intimamente unidas ás experiencias cotiás (vecus, experiences..). A presenza no centro, na casa... permite comprender situacións vividas que @ nen@ non sempre pode aínda transmitir a través da palabra dunha maneira

comprensible. A segunda idea fundamental é a necesidade de ARTELLAR o labor dos diferentes actores na educación d@ nen@ : a familia (pais, irmás, avós...) e os profesionais (mestres e mestras, educadores, logopedas, psicolog@) . Un "*carnet de liaison*", entre outras cousas, permite escribir a cada membro do equipo notas para compartir cos outros (informar dunha festa, un acontecemento, un paseo, unha actividade no colexio...) e poder "comprender" mellor o que @ nen@ conta coa súa linguaxe precaria.

Se ben o proxecto é oralista, en cada caso pódese utilizar en complemento (nas intervencións do equipo) a LSF (*Langue de Signes Française*) ou, máis ben, o FS (*Français Signé*, que consiste en utilizar os xestos da LSF pero aplicando a estrutura sintáctica do Francés, o que permite falar e facer xestos ao mesmo tempo), así como a LPC (*Langage Parlé Complété*). Sempre co acordo dos pais.

O Educador/a Funcional, coñecedor/a da xordeira e dos problemas asociados a ela, traballa en estreita colaboración cos ensinantes, de cara a preparar por anticipación os contidos escolares ou ben a retomarlos a posteriori. As intervencións no domicilio permiten situar o traballo nun contexto familiar, de intercambiar cos pais (evidentemente a maioría das veces as nais....). O seu traballo non é exclusivamente de pedagogía escolar, por iso se chaman educadores funcionais.

@ logopeda realiza un traballo sobre a linguaxe oral e escrita), expresión, comprensión e todos os mecanismos do pensamento subxacentes á linguaxe (analogía, dedución...). reeduca a voz e a palabra. Este traballo realízao en contacto estreito coa familia e os ensinantes.

@ psicolog@ coordinador@ ten a función de "orchestrer" a música do equipo. En colaboración co Director/a da institución escolar (école, collège, lycée) organiza as **reunións trimestrais de síntese**. A estas reunións vén o equipo pedagóxico do centro escolar, o equipo ARIEDA (pais incluídos), e un representante da Académie (garante oficial do proxecto). Outr@s invitad@s opcionais : @ audioprotésic@, @ médic@ escolar, @ psicolog@ escolar, o ORL... O obxectivo destas reunións é analizar a evolución do proxecto e ver as adaptacións necesarias. Sobre todo o primeiro trimestre, danse todas as informacións para que @s ensinantes poidan coñecer as características d@ alumn@ xord@, as dificultades que pode atopar e como palialas. Tamén se poden realizar sesións de información na clase, co conxunto d@s alumn@s.

@ psicolog@ organiza **reunións de equipo** para preparar o proxecto e tratar ao longo do curso os diferentes aspectos da integración. Realiza visitas a domicilio, o que permite tratar a problemática familiar, con pais e irmás ; ve ao nen@ nos diferentes contextos : reeducación de linguaxe, apoio pedagóxico, en familia e, como non, en situación individual.

Con frecuencia asóciase ao equipo un psicomotricista, que intervéñ ou ben no colexio ou no exterior.

A integración individual dificulta que @ nen@ se encontre con outr@s xord@s. Por iso organízanse periodicamente actividades, de un ou varios días,

para que nen@s xord@s de diferentes idades, diferentes xordeiras e diferentes experiencias (orixe familiar, zona xeográfica...) se encontren entre el@s.

A MIÑA EXPERIENCIA PERSOAL

Como en todo proxecto, o "modelo" proposto pretende achegarse á perfección (pero nunca ser perfecto). A realización do proxecto conleva a confrontación con problemas complexos que non sempre son fáciles de resolver.

Un deses problemas é o tempo, e non o tempo climatolóxico aínda que con tanta estrada como facemos tamén conta...É o tempo (a *durée*) que se necesita ás veces para que un nen@ madure unha competencia, adquira certos coñecementos, se adapte a novos contextos, tempo que non sempre é aceptado polo sistema escolar. O tempo que necesita a familia para entender que a xordeira non será nunca aceptada e que esa batalla non paga a pena, que non se trata de aceptar senón de *faire avec*, de aprender a "xestionar" esa xordeira.

Outro problema é o sentimento ambivalente da familia, que por un lado está feliz de ter un psicólog@ á súa disposición para resolver (ou intentar resolver) problemas diversos (desde aspectos administrativos ata cuestións psicoafectivas, pasando por asuntos de próteses ou outros). Pero por outro lado rexeita ao psicólogo que en todas as reunións e encontros vén "lembrar" que seu fill@ é xord@.... eles que quixerían esquecerlo... En efecto, un dos graves problemas da integración individual é que suavemente conduce aos pais cara a camiños que afastan do silencio. É a reparación, a negación do hándicap. E aí estamos nosotr@s para recordar que ese nen@ xenial que aprende a expresarse SEGUE SENDO XORD@, e que si un día non é feliz na escola onde está terá que ir a outra estrutura máis adaptada á evolución da súa linguaxe.

Cando hai agora 11 anos, descubrín esta asociación pareceume entrar nun mundo fantástico, cheo de retos e praceres. @ psicólog@ é unha especie de artesán@ que observa atentamente todas as pezas que ten que ensamblar para conseguir unha estrutura a un tempo sólida e maleable, que se adapte ás brisas suaves pero tamén ás augas turbulentas, unha estrutura que se poida refacer e corrixir segundo os acontecementos conservando o seu equilibrio, unha estrutura na que cada actor ten unha función fundamental e @ psicólog@ é un@ máis entre @s outr@s, sen organización xerárquica no equipo.

E colorín colorado este conto non ten rematado porque noutra ocasión poderíamos falar do que pasou cando os primeiros peques da ARIEDA se fixeron adolescentes e pasaron á universidade ou á la formación profesional..... Pois pasou que se creou o SIJS (*Servicio de Insertion Jeune Sourde*) onde se acompaña aos xoves e adultos xordos nos aspectos sociais, de formación

(profesional ou universitaria) e emprego....E aí chegan a este servizo tanto os que veñen da ARIEDA como de outras institucións. Esta experiencia levoume a aprender (na medida do posible...) a LSF e descubrir OUTRO mundo da xordeira...

Marite BEIRAS TORRADO

Montpellier, 28/04/04

Nota 1. xordo, deficiente auditivo.... son termos nos que non vou entrar aquí a precisar. Cando falo de xordo pode ser xordera media, severa , profunda ou cofose.

Nota 2. Cando falo de linguaxe refirome á linguaxe oral e escrita de cada país utilizadas no ensino. Cando fale da linguaxe de signos, especificarino. Non cabe dúbida de que a LS é tamén unha lingua, unha linguaxe, que permite a comunicación e o pleno desenvolvemento do pensamento

Nota 3. rexión do sureste de Francia que conta con cinco provincias cuxas capitais son Perpignan, Carcasona, Montpellier, Nîmes e Mende.

Nota 4. ARIEDA é unha asociación creada no contexto da Lei 1901, que constitúe un marco legal para o recoñecemento das asociacións sen ánimo lucrativo. Estas asociacións contan con subvencións diversas de organismos estatais ou paraestatais. A ARIEDA, conta con tres servizos: o *Service de Soins Extérieurs* que se ocupa dos 157 nen@s integrad@s nas *escoles, collèges* e *Liceos*, en cidades e vilas da rexión. O SIJS (*Service Insertion Jeune Sourd*), que fai o acompañamento social, ou na formación ou no emprego, dos adultos xordos (actualment arredor de 160) tanto oralistas como xestuais. O Servicio de Formación, que organiza xornadas e dá formacións diversas (dirixidas aos pais e profesionais) relacionadas coa xordeira; tamén organiza formacións sobre a xordeira en escolas (p.ex. Escola de Enfermeiras, Escola de traballadores sociais...) e empresas (dende Carrefour ate o CIRADE - Centro de Investigacións Científicas-).

Nota 5. @s educador@s funcionais e logopedas viven distribuídos na rexión e traballan desprazándose nun radio de 30 km. @s psicólog@s están en Montpellier e desprázanse por toda a rexión.